

Departamento de Xeografía e Historia

**IES Val do Tea
Ponteareas**

**Programación
2022-23**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
1.1. Xustificación da programación	4
1.2. Contextualización.....	5
1.3. Lexislación básica de referencia	5
1.4. Organización docente.....	6
2. ESO: ASPECTOS COMÚNS	6
2.1. Contribución da xeografía e historia ao desenvolvemento das competencias clave na eso	6
2.2. Obxectivos xerais da eso relacionados coas competencias básicas (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)	7
2.3. Concrecións metodolóxicas.....	9
2.4. Materiais e recursos didácticos	10
2.5. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado	11
2.5.1. Criterios de avaliación.....	11
2.5.2. Criterios de cualificación.....	12
2.5.3. CRITERIOS XERAIS NAS ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN E AMPLIACIÓN PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL NA ESO. 13	
2.5.4. Criterios de promoción do alumnado	13
2.6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	13
2.6.3. Seguimento, por estándares, entre a programación temporal prevista e a real	13
2.6.4. Indicadores de logro do proceso de ensino.....	13
2.6.5. Indicadores de logro da práctica docente.....	14
2.7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
2.8. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	15
2.9. Medidas de atención á diversidade	16
2.10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.....	17
3. XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO	18
3.1. Contribución da Xeografía e Historiade 2º eso ao desenvolvemento das competencias clave.....	18
3.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE 2º ESO	22
3.3. Secuenciación e temporalización dos contidos	22
3.4. Relación entre os distintos aspectos do currículo	24
3.5. Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e instrumentos de avaliación.....	29
3.6. Indicadores de logro: Seguimento, por estándares, entre a programación temporal prevista e a real.....	30
4. XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º ESO	33
4.1. contribución de xeografía e historia de 4º de eso ao desenvolvemento das competencias clave	33
4.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE 4º ESO	34
4.3. Secuenciación e temporalización dos contidos	35
4.4. Relación entre os distintos aspectos do currículo	39

4.5.	<i>Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación</i>	47
4.6.	<i>Indicadores de logro: seguimento, por estándares, entre a programación temporal prevista e a real</i>	49
5.	BACHARELATO: ASPECTOS COMÚNS	52
5.1.	<i>Obxectivos xerais do bacharelato relacionados coas competencias básicas (adaptados ao contexto do centro e do alumnado).....</i>	52
5.2.	<i>Concrecións metodolóxicas.....</i>	53
5.3.	<i>Materiais e recursos didácticos</i>	55
5.4.	<i>Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado</i>	56
5.4.1.	<i>Criterios de avaliación</i>	56
5.4.2.	<i>Criterios de cualificación.....</i>	57
5.4.3.	<i>Criterios de promoción do alumnado</i>	58
5.5.	<i>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente</i>	58
5.5.1.	<i>Indicadores de logro do proceso de ensino</i>	58
5.5.2.	<i>Indicadores de logro da práctica docente.....</i>	58
5.6.	<i>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes</i>	59
5.7.	<i>Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos seus resultados.....</i>	60
5.8.	<i>Concreción dos elementos transversais</i>	60
6.	HISTORIA DE ESPAÑA	61
6.1.	<i>concreción das competencias clave ás que pode contribuír a historia de españa</i>	61
6.2.	<i>Secuenciación e temporalización dos contidos</i>	63
6.3.	<i>Relación entre os distintos aspectos do currículo</i>	68
6.4.	<i>Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación ...</i>	83
6.5.	<i>Seguimento, por estándares, entre a programación temporal prevista e a real</i>	88
7.	HISTORIA DA ARTE.....	95
7.1.	<i>Contribución da historia da arte ao desenvolvemento das competencias clave</i>	95
7.2.	<i>Obxectivos.....</i>	96
7.3.	<i>Secuenciación e temporalización dos contidos</i>	97
7.4.	<i>Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación ..</i>	99
7.6.	<i>Seguimento, por estándares, entre a programación temporal prevista e a real</i>	110
8.	XEOGRAFÍA	117
8.1.	<i>Concreción das competencias clave ás que pode contribuír a xeografía</i>	117
8.2.	<i>Obxectivos.....</i>	118
8.3.	<i>Secuenciación e temporalización dos contidos</i>	118
8.4.	<i>Relación entre os distintos elementos do currículo.....</i>	122
8.5.	<i>Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación .</i>	138
8.6.	<i>Seguimento, por estándares, entre a programación temporal prevista e a real</i>	141
9.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS	149

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A área de Xeografía e Historia contribúe á formación integral do alumnado como individuo e como ser social, así como a súa integración nun medio físico e humano co que se relaciona permanente e necesariamente. O coñecemento do medio físico é imprescindible para comezar a valoralo e a análise das relacións que con el establecen os grupos humanos é fundamental para tomar conciencia da súa importancia e das consecuencias que delas se derivan. O coñecemento histórico é imprescindible para comprender a súa propia sociedade, valorar o seu patrimonio cultural e contribuír ao seu desenvolvemento. Ámbolos dous coñecementos, xeográfico e histórico, cumpren a finalidade de formar ao alumnado, ofrecéndolle unha visión global do mundo e un conxunto de valores imprescindibles para que adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Coas materias desta área preténdese profundizar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

A atención particular que se concede á xeografía e á historia como referentes da área, queda xustificada polo seu acusado carácter integrador e globalizador e pola súa sensibilidade ao interpretar o espazo natural e social e a súa evolución a través do tempo. Por outra parte, a complexidade das sociedades actuais e a aparición de novas temáticas -educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer-, recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía, ou a ecoloxía, que ofrecen perspectivas de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.

Para a análise da dimensión espacial, o enfoque ecoxeográfico permite tomar en consideración as múltiples variables -naturais e antrópicas- que conforman un espazo e, ademais, atende o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións.

A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar reposta.

A historia proporciona ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender o presente e para mellorar o futuro. É preciso tamén facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolles o protagonismo que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico.

En ambas as dúas materias é moi importante adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Do mesmo xeito, procurarase enfiar ao longo do currículo de todos os cursos tres elementos de análise que son imprescindibles para comprender a realidade social: a historia, o espazo e os recursos.

Por outra parte, as dúas materias permiten desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo reciben os aspectos da xeografía, a historia e a cultura de Galicia.

No referido aos contidos metodolóxicos, prestarase especial atención á interpretación de fontes de diversa tipoloxía, á comprensión da multicausalidade e á intencionalidade na interpretación dos procesos, ao uso adecuado da información e ao manexo da documentación.

A finalidade das materias impartidas polo departamento de xeografía e Historia concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

A programación establécese nun contexto de alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Educación para Adultos. O alumnado é fundamentalmente rural, pois procede de Pontearreas e os núcleos rurais de dito concello. Temos pois unha poboación bastante dispersa que concentra os servizos no núcleo principal que é Pontearreas, o que dificulta o acceso a boa parte do alumnado ós servizos culturais ou de lecer.

A maior parte do noso alumnado emprega as dúas linguas, pero coa tendencia crecente a que o castelán sexa a lingua materna.

En canto ó departamento de Xeografía e Historia está composto por catro profesores que imparten as materias da ESO e Bacharelato, e un profesor especialista en galego que impartirá o Ámbito Social na Educación de Adultos.

As materias do departamento son : Xeografía e Historia nos catro cursos da ESO, Historia do Mundo Contemporáneo en 1º de Bacharelato, Hª da Arte, Historia de España e Xeografía de España en 2º de Bacharelato.

1.3. LEXISLACIÓN BÁSICA DE REFERENCIA

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29 de xaneiro).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño)

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21 de xullo).

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

1.4. ORGANIZACIÓN DOCENTE

NIVEL	MATERIA	GRUPOS	HORAS GRUPO	TOTAL HORAS
1º ESO	Xeografía e historia	3	3	9
2º ESO	Xeografía e Historia	3	3	9
	Oratoria	1	1	1
3º ESO	Xeografía e Historia	3	3	9
4º ESO	Xeografía e Historia	3	3	9
1º BACH	Hª do Mundo Contemporáneo	1	4	4
2º BACH	Historia da Arte	1	4	4
	Historia de España	3	3	9
	Xeografía	1	4	4

PROFESOR/A	CURSO E MATERIA	HORAS
Yolanda del Campo	Xeografía e Historia 1º ESO	9
	Xeografía e Historia 2º ESO	9
Adrián Barreiro	Xeografía e Historia 4º ESO	9
	Historia de España	9
Xurxo Gómez	Economía*	6
	Historia do Mundo Contemporáneo 1º BAC	4
	Historia da Arte 2º BAC	4
Lucía Fernández	Xeografía e Historia 3º ESO	9
	Oratoria 2º ESO	1
	Xeografía 2º BAC	4
	Cultura Clásica 3º ESO*	3

* Estas materias non pertencen ao Departamento de Xeografía e Historia.

2. ESO: ASPECTOS COMÚNS

2.1. CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA E HISTORIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO

C. Clave	Contribución da materia de Xeografía e Historia
CCL	<ul style="list-style-type: none"> Adquirindo e empregando un vocabulario específico propio das materias a traballar Practicando a lectura comprensiva Comunicando de xeito adecuado, con rigor e precisión, a información xerada en distintos contextos Empregando a argumentación de xeito oral e escrito para fundamentar as propias ideas.

	<ul style="list-style-type: none"> • Rexeitando a linguaxe discriminatoria pola orixe ou polo xénero
CMCT	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirindo unha actitude positiva baseada no respecto á verdade na busca da certeza a través do razoamento. - Utilizando correctamente as ferramentas matemáticas para a análise de gráficos e táboas estatísticas de contidos xeográficos e históricos - Manexando aspectos cuantitativos e espaciais da realidade a través de operacións sinxelas coma porcentaxes, proporcións ou escalas numéricas e gráficas.
CD	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Promovendo a busca, selección e comunicación de información para conformar novos coñecementos significativos ▪ Interpretando información en linguaxe non verbal (información icónica e cartográfica) ▪ Favorecendo unha adecuada alfabetización no uso das TIC tanto na procura da información, coma na súa presentación
CAA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organizando información para facilitar a súa recuperación en diferentes contextos (sínteses, mapas conceptuais, liñas do tempo,...) ▪ Dando protagonismo á curiosidade intelectual no proceso de aprendizaxe ▪ Favorecendo o interese pola formación continua
CSC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Compreendendo e analizando de forma crítica os códigos de conduta e os usos das distintas sociedades. ▪ Compreendendo os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación. ▪ Recoñecendo as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas. ▪ Compreendendo como se formulan os conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. ▪ Analizando e valorando as seguintes destrezas: <ul style="list-style-type: none"> – A habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade. – A reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato. – A toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fomentando o traballo cooperativo, a toma de decisións e o manexo de habilidades sociais ▪ Promovendo a avaliación da información xerada para convertela en coñecemento ▪ Cotexando o aprendido a partir dos propios erros
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecendo as diferentes manifestacións culturais e artísticas para acadar unha actitude de defensa e preservación do patrimonio ▪ Analizando as mostras artísticas e culturais ▪ Promovendo habilidades perceptivas e de sensibilización que posibilite o interese pola expresión artística en distintos contextos de espazo e tempo. ▪ Aproximándoo á linguaxe audiovisual cunha actitude aberta, respectuosa e crítica.

2.2. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS (ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO)

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	Comunicación lingüística. Competencia dixital Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía Comunicación lingüística. Aprender a aprender.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	Conciencia e expresións culturais. Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas.
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.
ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.

2.3. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

2.3.1. Principios xerais

A metodoloxía empregada vai ser significativa, partindo dos coñecementos previos do alumnado. Procurase que os alumnos tomen parte activa na súa formación polo que se lles motivará para a realización de pequenos traballos de investigación, de búsqueda de información concreta sobre un personaxe ou aspecto do tema que eles terán que expoñer cando xurda na clase o aspecto que se lle encargou buscar.

Así mesmo traballarán con textos xeográficos e históricos, adaptados a este nivel, para aprender a comprender a importancia dos mesmos e poder facer pouco a pouco un pequeno comentario. Deste xeito buscaremos unha participación máis activa do alumnado limitando as clases maxistras e fomentando a participación.

Tamén se incidirá na consecución de procedementos como lectura de mapas, realización de pirámides de idade, análise básico de obras de arte.

Cada alumno elaborará un caderno de clase no que recollerá todos os apuntamentos, actividades, materiais didácticos aportados polo profesor,.etc.

O caderno debe estar correcto na súa presentación, contido e escritura. Con certa periodicidade poderá ser revisado polo profesor.

Será pois unha metodoloxía didáctica, activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

2.3.2. Actividades e estratexias de ensino aprendizaxe por temas

(Están recollidas nun documento específico do proxecto editorial que utilizará o profesorado encargado de impartir a materia).

- Organización dos contidos por medio de esquemas e sínteses, o máis sinxelo, ata lograr a realización de organigramas e mapas conceptuais
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.

- Comprensión dos contidos dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos. Elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas...)
- Resolución de problemas diversos a través de debates, argumentacións.
- Creación de material TIC por parte do alumnado (presentacións...).

2.3.3. Guía de secuenciación do traballo na aula

Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que favorezan unha aprendizaxe significativa.
- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Explicación oral significativa, apoiándose no libro de texto, en presentacións ...
- Subliñado de ideas principais que vertebran de xeito coherente a evolución e os cambios en aspectos fundamentais.
- Desenvolvemento dos temas de xeito acumulativo e progresivo. Cada nova unidade se sustenta no traballado anteriormente.
- Tratamento de fontes documentais que se consideren necesarias, sexan tomadas do libro de texto ou aportadas polo docente, a fin de fomentar os procedementos de indagación e comprensión.
- Fomento da participación, a reflexión e a confrontación de ideas.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficos, sínteses ou mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.

2.4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

a. Libros de texto do alumnado:

Xeografía e Historia 2º ESO, E-dixgal (libro dixital).

Xeografía e Historia 4º ESO, E-dixgal (libro dixital).

b. Cadernos de Actividades para reforzar contidos básicos do Libro do alumnado. Por outro lado, en combinación co resto de materiais, constitúen un instrumento para atender as necesidades individuais do alumnado, xa que permiten practicar aqueles coñecementos que secuencian os

distintos temas.

c. Recursos Didácticos

- *Enderezos da Internet.* Cada tema dispón de enderezos da Internet que serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.
- *Actividades de Avaliación Inicial.* Unha páxina de actividades deseñadas para avaliar os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o estudo de cada un dos temas.
- *Actividades de Reforzo e Ampliación.* Unha páxina de actividades de reforzo e outra de ampliación para consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.
- *Actividades de Avaliación Final.* Preguntas que seguen o modelo das avaliacións de diagnóstico para a Educación Secundaria Obrigatoria para avaliar o nivel de logro de cada un dos Estándares de Aprendizaxe acadado polo alumnado.

d. Outros recursos bibliográficos.

Utilizaranse recursos bibliográficos procedentes da Biblioteca do instituto e do departamento de Xeografía e Historia. Son dicionarios, atlas históricos e xeográficos, e libros de temática diversa sobre a xeografía, a historia e a arte.

e) **Materiais de reprografía.** Exercicios, apuntamentos, ou calquera outro tipo de material elaborado ou seleccionado polo profesor, fotocopiado nas instalacións do centro e entregado aos alumnos.

f) **Medios informáticos.** Uso dos ordenadores de aula, aula de audiovisuais, aula de informática.

g) **Medios audiovisuais.** Canón e encerado dixital en todas as aulas.

2.5. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

2.5.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

2.5.1.1. Avaliación inicial (apdo. 2.8)

2.5.1.2. Avaliación continua

A avaliación continua desenvólvese ó longo do curso a través de probas e observacións. O profesorado avaliará unha selección de actividades do libro de texto e/ou outras que considere necesarias e, de ser o caso, actividades de reforzo e ampliación a través dos estándares de aprendizaxe especificados máis arriba.

Dado que se han ter en conta todos os elementos que configuran o currículo (competencias, obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe) á vez que ten tanto un carácter cualitativo como explicativo, valorarase tanto o traballo diario como as probas e prácticas. O alumnado deberá amosar as seguintes habilidades:

- Capacidade comprensiva dos feitos tratados
- Capacidade sintética á hora de expoñer os seus coñecementos.
- Capacidade discursiva tanto no fondo como na forma na exposición dos coñecementos que posúe.

Periodicidade coa que se farán as probas

Realizaranse unha ou máis probas por avaliación, segundo a programación de aula de cada grupo, que ten en conta o número de estándares, o nivel do grupo e os criterios do profesorado. O peso (porcentaxe) de cada unha de ditas probas sobre a nota final da avaliación dependerá do criterio do profesor/a da materia.

En todo caso, o alumnado que non puidera realizar a proba na data prevista deberá xustificar a falta a través do mecanismo establecido no centro para poder facer dita proba noutra data diferente á programada. O alumno que non xustifique a falta, examínase na recuperación da avaliación correspondente.

Para facer media nas probas, e así superar a avaliación, a nota mínima en cada unha delas debe ser de 3.

Se un alumno “copia” nun exame segúrese o protocolo do centro ao respecto.

Acórdase que as faltas de ortografía poderán ser obxecto de penalización e determínase que cada falta grave suporá unha décima.

Recuperación dunha avaliación non superada

O alumnado que non aprobe unha avaliación poderá realizar unha proba de recuperación despois de cada avaliación non superada. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos en dita proba de recuperación.

Exame global de recuperación: o alumnado que teña unha soa avaliación suspensa presentárase unicamente a esa avaliación. Con dúas ou tres suspensas deberá recuperar toda a materia. A recuperación da 3ª avaliación coincidirá co exame global.

2.5.1.3. Avaliación ordinaria

Con carácter xeral, para aprobar a materia requírese a superación das tres avaliacións (nota de 5).

A Avaliación Final Ordinaria é o resultado da nota media das tres avaliacións sen redondeo e da aplicación do redondeo final.

2.5.1.4. Avaliación extraordinaria

Os alumnos e alumnas que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño poderán realizar unha proba nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada de 0 a 10 puntos (NP para os que non se presenten ao exame).

A nota do exame representará o 100% da cualificación da avaliación extraordinaria.

2.5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada trimestre ou avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación
		1º-2º-3º-4º ESO
Probas escritas ou orais	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. O peso (porcentaxe) de cada unha de ditas probas sobre a nota final da avaliación dependerá do criterio do profesor/a da materia. Se algunha das probas non supera o mínimo de 3 puntos sobre 10, non se fará media para obter a porcentaxe indicada.	90%
Rúbrica de observación do traballo diario	Analizarase o traballo de aula e a participación.	10%

Valoración:

- A valoración das probas farase de acordo cos criterios de corrección establecidos polo profesor en cada unha delas.
- Na valoración do traballo de aula e da participación seguiranse os criterios de corrección establecidos en cada caso polo profesor.

2.5.3. CRITERIOS XERAIS NAS ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN E AMPLIACIÓN PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL NA ESO.

O alumnado que supere as 3 avaliacións (cualificación dun 5 ou superior en cada unha das avaliacións) realizará durante este período unha serie de actividades de reforzo e ampliación da mesma. A nota final será o resultado da media das 3 avaliacións (previa redondeo), con redondeo final ao número enteiro máis próximo.

Aquel alumnado que teña suspensa unha das 3 avaliacións, realizará actividades de apoio e reforzo sobre os contidos de dita avaliación co obxectivo de preparar unha proba que terá lugar ao final do mencionado período. No caso de aprobar dita proba (cualificación dun 5 ou superior), consideraríase superada a materia. A nota final será o resultado da media das 3 avaliacións (previa redondeo), con redondeo ao número enteiro máis próximo.

Aquel alumnado que teña suspensas 2 ou 3 avaliacións realizará actividades de apoio e reforzo dos contidos básicos do curso, co obxectivo de preparar unha proba que terá lugar ao final do mencionado período. No caso de aprobar dita proba (cualificación dun 5 ou superior) considerarase superada a materia e a nota final será o resultado da mesma con redondeo ao número enteiro máis próximo.

2.5.4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os establecidos na normativa correspondente.

2.6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

2.6.3. SEGUIMIENTO, POR ESTÁNDARES, ENTRE A PROGRAMACIÓN TEMPORAL PREVISTA E A REAL

(ver na programación específica de cada nivel)

2.6.4. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala
---	--------

	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívoase un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

2.6.5. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

2.7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

a) Mecanismos para o seguimento:

Reunión de seguimento durante o recreo/hora de clase que determine o xefe do departamento.

Propostas de actividades e traballos para cada avaliación.

b) Avaliación:

a. A materia pendente será dividida en dous bloques. Cada un deles constará dun conxunto de exercicios que o alumnado deberá de entregar en tempo e forma, e dunha proba escrita. Os dous elementos a avaliar do primeiro bloque terán lugar na 1ª avaliación, mentras que os do segundo bloque desenvolveranse na 2ª avaliación.

b. Unha proba global ordinaria no mes de abril/maio para os que non aprobaran por parciais.

c. Unha proba extraordinaria para os que non aprobaran nin os parciais nin a proba global ordinaria.

c) Cualificación de cada avaliación ordinaria:

60% as probas escritas e 40% o conxunto de exercicios propostos para cada un dos dous bloques. A nota mínima, tanto nas probas escritas como nos exercicios propostos, para poder recuperar a materia terá que ser como mínimo dun 3.

A cualificación final será a media aritmética das obtidas nos dous bloques, con redondeo final.

d) Avaliación final: o exame representará o 100% da cualificación final.

e) Avaliación extraordinaria: o exame representará o 100% da cualificación final.

2.8. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Data prevista para a súa realización: durante os primeiros días do curso realizarase unha avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado que non terá peso nas avaliacións ordinarias. Con esta proba perséguese:

- Detectar que aspectos resultan máis descoñecidos polos alumnos co fin de incidir máis sobre eles ao longo do curso e impartir nocións básicas previas necesarias para poder comprendelos.
- Coñecer cales son os intereses do alumnado con respecto á materia e a súa motivación co fin de aproveitar os primeiros e modificar unha posible desmotivación.
- Facer que os alumnos aborden a materia de xeito activo e como un proceso do que eles forman parte.

Mecanismo para informar ás familias: o profesor informará ó titor ou titora correspondente na xunta de avaliación inicial e será aquel quen informe á súa vez, de ser o caso, ás familias.

Medidas individuais e/ou colectivas a adoptar como consecuencia dos seus resultados:

- Reorganización da distribución do alumnado na aula.
- Traballo cooperativo.
- Actividades de reforzo.
- Actividades de ampliación.
- Adopción de medidas de atención á diversidade en coordinación co departamento de orientación.

Consecuencias da proba: carece de valor académico.

2.9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na intervención educativa debemos partir da base de que os alumnos son diferentes no seu ritmo de traballo, estilos de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa aos docentes na necesidade de educar en e para a diversidade. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos debe garantirse dende o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos, e alumno concreto). Así se establecen os distintos graos de adaptación individualizada, o reforzo educativo e as adaptacións curriculares como resposta aberta e flexible aos diferentes problemas que se formulan no proceso educativo.

Para atender á diversidade, os preceptos legais establecen dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario:

-Ordinarias: as adaptación do currículo da ESO, o reforzo educativo, a orientación educativa e a integración escolar.

-Específicas: as adaptacións curriculares (ACIs), os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) e os ciclos formativos de formación profesional básica (FPB).

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
a) Non están previstos tempos diferenciados ou horarios específicos. b) Tampouco espazos diferenciados. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados: o departamento conta con materiais específicos de reforzo e ampliación para cada unidade didáctica	<ul style="list-style-type: none">• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.• Programa específico para alumnado repetidor da materia conforme as pautas aprobadas polo claustro.• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo galego). • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo galego). • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. • Alumnado con flexibilización na escolarización. • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc.(coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.)

Adaptacións Curriculares individualizadas (ACIs):

De ser o caso, estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou porposuír cualidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. Entenderase por adaptación curricular as modificacións dun ou máis elementos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

Non se imparte no IES ciclo formativo de formación profesional básica (FPB).

Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR):

No presente curso académico, **o noso departamento segue sen impartir** o Ámbito Lingüístico e Social en ningún dos niveis.

2.10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

(concretados e relacionados cos estándares na táboa)

As medidas concretas coas que traballaremos en Xeografía e Historia os elementos transversais son, basicamente, os seguintes: a expresión oral e escrita e o emprego das tecnoloxías; a educación cívica, a educación para o respecto aos dereitos humanos e a paz, a educación para a igualdade entre os sexos e a prevención da violencia; a educación ambiental e o fomento do espírito emprendedor.

A Expresión oral e escrita, así como a comprensión lectora traballarémola:

- Esixíndose unha boa redacción e presentación tanto dos exames como dos traballos que realicen ao longo do curso.
- Con postas en común sobre determinados aspectos, nos que deben facer un razoamento ben argumentado.
- Lendo artigos de prensa.
- Cos debates por equipos.
- Coas exposicións orais.
- Coa lectura de textos históricos e xeográficos, contribuíndo a hora de lectura semanal.

O desenvolvemento para a igualdade a todos os niveis e a concienciación para evitar todo tipo de violencia traballarémola:

- Desenvolvendo actitudes dialogantes para potenciar a tolerancia e o respecto das ideas, crenzas ou costumes diferentes ás propias.

- Desenvolver actitudes de rexeitamento ante as desigualdades sociais e económicas dos individuos e dos colectivos sociais.
- Corrixindo xuízos sexistas, dando un tratamento equilibrado ó papel desempeñado polos homes e as mulleres no desenvolvemento dos acontecementos históricos
- Coñecendo e valorar a loita das mulleres polos seus dereitos
- Valorando o papel das mulleres nos avances da sociedade ao longo da historia e en todos os seus aspectos
- Participando en debates con actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias e empregando o diálogo como medio de resolución das diferenzas de actitude e de pensamento
- Analizando conflitos socioeconómicos e políticos, tanto presente como da historia pasada con actitude crítica e construtiva, fuxindo de posicións e solucións maniqueas.

Os valores para a democracia, o pluralismo político e a igualdade a nivel xeral traballarémola:

- Coñecendo e valorando as dificultades polas que atravesaron os homes e mulleres para conseguir os dereitos e liberdades ao longo da Historia.
- Analizando e estudando problemas con dimensión ética dun mundo cada vez mais globalizado: gasto armamentístico, drama dos refuxiados e inmigrantes, explotación laboral, desigualdades ricos-pobres...
- Valorando a democracia como o mellor sistema para solucionar problemas de conflitividade social e política.
- Apreciando os dereitos e as liberdades humanos como dereitos irrenunciabes da humanidade ao longo da Historia.
- Promovendo actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e culturas.
- Axudando a formar un xuízo crítico e razoado dos pasos dados para a igualdade nas civilizacións grega e romana.

O desenvolvemento sustentable traballarémola:

- Coñecendo e valorando os logros da civilización romana na organización da súas cidades. E a súa preocupación polo benestar dos seus cidadáns.
- Analizando os valores e problemas das sociedades agrarias primitivas en comparación coas urbanas e a súa repercusión no medio ambiente e na calidade de vida.
- Valorando e respectando o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

O afianzamento do espírito emprendedor traballarémola:

- Coa elaboración de diferentes investigacións a través de fontes diversas e a súa exposición.
- Co comentario de textos históricos e xeográficos onde o alumnado debe amosar a súa capacidade para sintetizar, relacionar causas e consecuencias e facer conclusións baseadas no seu coñecemento.
- Valorando nos traballos en grupo a boa organización e a distribución de tarefas feita.
- Valorando a realización dos traballos individuais por iniciativa propia.
- Insistindo na importancia do papel individual e o espírito de superación do home e a muller ao longo da historia.

3. XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO

3.1. CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 2º ESO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

C. Clave	Xeografía e Historia de 2º de ESO
----------	-----------------------------------

CCL	<ul style="list-style-type: none"> • Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. • Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes. • Explica as características xerais do relevo europeo. • Clasifica e localiza nun mapa os distintos tipos de clima de Europa. • Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais e localiza páxinas e recursos web directamente relacionados con eles. • Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. • Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. • Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. • Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. • Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. • Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. • Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
Os alumnos e alumnas que non superen a materia na avaliación ordinaria poderán realizar unha proba (de toda a materia) nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada de 0 a 10 puntos (NP para os nos presentados).

Ponderación: a nota do exame representará o 100%.

5.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada trimestre ou avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación
		2º BACH.
Probas escritas ou orais	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. O peso (porcentaxe) de cada unha de ditas probas sobre a nota final da avaliación dependerá do criterio do profesor/a da materia. Se algunha das probas non supera o mínimo de 3 puntos sobre 10, non se fará media para obter a porcentaxe indicada.	90%
Rúbrica de observación do traballo diario	Analizarase o traballo de aula e a participación.	10%

Valoración:

- A valoración das probas escritas, farase de acordo cos criterios de corrección establecidos polo profesor en cada unha delas.

5.4.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os establecidos na lexislación vixente.

5.5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

5.5.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

5.5.2. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				

9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

5.6. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

a) Mecanismos para o seguimento:

Reunión de seguimento durante o recreo/hora de clase que determine o xefe do departamento.

Propostas de actividades e traballos para cada avaliación.

b) Avaliación:

a. A materia pendente será dividida en dous bloques. Cada un deles constará dun conxunto de exercicios que o alumnado deberá de entregar en tempo e forma, e dunha proba escrita. Os dous elementos a avaliar do primeiro bloque terán lugar na 1ª avaliación, mentras que os do segundo bloque desenvolveranse na 2ª avaliación.

b. Unha proba global no mes para os que non aprobaran por parciais.

c. Unha proba extraordinaria para os que non aprobaran nin por parciais nin a proba global.

c) Cualificación de cada avaliación ordinaria:

60% as probas escritas e 40% o conxunto de exercicios propostos para cada un dos dous bloques. A nota mínima, tanto nas probas escritas como nos exercicios propostos, para poder recuperar a materia terá que ser como mínimo dun 3.

A cualificación final será a media aritmética das obtidas nos dous bloques, con redondeo final.

d) **Avaliación final:** o exame representará o 100% da cualificación final.

e) **Avaliación extraordinaria:** o exame representará o 100% da cualificación final.

5.7. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

O profesorado que imparte docencia en bacharelato poderá decidir segundo estime conveniente ao respecto.

Non se celebra xunta de avaliación inicial como na ESO.

5.8. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

(concretados e relacionados cos estándares na táboa)

Os elementos transversais que se traballan nas materias impartidas polo departamento son basicamente os seguintes: a expresión oral e escrita e o emprego das tecnoloxías; a educación cívica, a educación para o respecto aos dereitos humanos e a paz, a educación para a igualdade entre os sexos e a prevención da violencia; a educación ambiental e o fomento do espírito emprendedor.

A Expresión oral e escrita e a comprensión lectora traballarémola:

- Esixíndose unha boa redacción e presentación tanto dos exames como dos traballos que realicen ao longo do curso
- Con postas en común sobre determinados aspectos, nos que deben facer un razoamento ben argumentado.
- Lendo artigo de prensa
- Cos debates por equipos
- Coas exposicións orais dos libros históricos lidos.

O desenvolvemento para a igualdade a todos os niveis e a concienciación para evitar todo tipo de violencia traballarémola:

- Desenvolvendo actitudes dialogantes para potenciar a tolerancia e o respecto das ideas, crenzas ou costumes diferentes ás propias.
- Desenvolver actitudes de rexeitamento ante as desigualdades sociais e económicas dos individuos e dos colectivos sociais.
- Corrixindo xuízos sexistas, dando un tratamento equilibrado ó papel desempeñado polos homes e as mulleres no desenvolvemento dos acontecementos históricos
- Coñecendo e valorar a loita das mulleres polos seus dereitos
- Valorando o papel das mulleres nos avances da sociedade ao longo da historia e en todos os seus aspectos
- Participando en debates con actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias e empregando o diálogo como medio de resolución das diferenzas de actitude e de pensamento
- Analizando conflitos socioeconómicos e políticos, tanto presente como da historia pasada con actitude crítica e construtiva, fuxindo de posicións esolucións maniqueas.

Os valores para a democracia, o pluralismo político e a igualdade a nivel xeral traballarémola:

- Coñecendo e valorando as dificultades polas que atravesaron os homes e mulleres para conseguir os dereitos e liberdades ao longo do XIX e XX.
- Analizando e estudando problemas con dimensión ética dun mundo cada vez máis globalizado: gasto armamentístico, problemas de refuxiados e emigrantes, desigualdades ricos-pobres...

- Valorando a democracia como o mellor sistema para solucionar problemas de conflictividade social e política.
- Apreciando os dereitos e as liberdades humanas como dereitos irrenunciáveis da humanidade.
- Promovendo actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e culturas
- Coñecendo e valorar o papel das organizacións supranacionais e nongobernamentais na defensa da paz e da cooperación cos colectivos máis desfavorecidos.
- Axudando a formar un xuízo crítico e razoado dos problemas actuais da presente sociedade española en xeral e galega en particular.

O desenvolvemento sustentable traballarémola:

- Coñecendo e valorando os máis destacados proxectos éticos contemporáneos concretados nas súas actuacións no noso contorno máis inmediato e na súa proxección internacional: loita polos dereitos humanos, feminismo, pacifismo, ecoloxismo....
- Analizando os valores e problemas da sociedade industrial e postindustrial a súa repercusión no medio ambiente e na calidade de vida.
- Valorando e respectando o patrimonio natural, histórico, artístico e cultural, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

O afianzamento do espírito emprendedor traballarémola:

- Coa elaboración de diferentes investigacións a través de fontes diversas e a súa exposición.
- Co comentario de textos históricos onde o alumnado debe amosar a súa capacidade para sintetizar, relacionar causas e consecuencias e facer conclusións baseadas no seu coñecemento
- Valorando nos traballos en grupo a boa organización e a distribución de tarefas feita.
- Valorando a realización dos traballos individuais por iniciativa propia.
- Insistindo na importancia do papel individual e o espírito de superación do home e a muller ao longo da historia contemporánea

En todas as unidades didácticas (ver as táboas na que se relacionan contidos, obxectivos, criterios de avaliación, competencias, estándares de aprendizaxe e transversais) se traballa a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a educación cívica, de acordo co expresado no artigo 4 do Decreto 86/2015.

No proceso diario de ensino-aprendizaxe da materia estarán presentes nos estándares que se indican na citada táboa e concretados na programación de aula.

6. HISTORIA DE ESPAÑA

6.1. CONCRECIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE PODE CONTRIBUÍR A HISTORIA DE ESPAÑA

A aprendizaxe da Historia de España centrarase no desenvolvemento dos seguintes obxectivos competenciais para cada unha das competencias:

1. Competencias sociais e cívicas

Trabállanse:

- Identificando e reflexionar sobre diferentes problemáticas sociais, políticas e económicas tratadas ao longo da Historia de España.

- Aplicando os coñecementos desenvolvidos en diferentes momentos da Historia de España á reflexión ou resolución de problemas da actualidade.
- Relacionándose lingüísticamente con outras persoas e convivir con elas.
- Erradicando os usos discriminatorios da linguaxe, detectando prexuizos e imaxes estereotipadas.
- Realizando actividades en grupo extraendo ensinanzas das achegas realizadas por outras persoas.
- Amosando unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.
- Valorando a reflexión histórica como instrumento para mellorar a capacidade para coñecer a nosa realidade social e mellorar a convivencia coas persoas da nosa redonda.

2. Competencia de conciencia e expresións culturais

Trabállase:

- Contextualizando as obras, ilustracións e textos no seu momento histórico relacionándoos coa súa realidade social, cultural e política.
- Apreciando o estudo da Historia de España como medio de reflexión sobre os feitos do pasado e como instrumento de coñecemento da propia cultura e sociedade.
- Valorando a dimensión literaria dos textos históricos apreciando a forma, o estilo e o uso da linguaxe en diferentes textos.
- Apreciando manifestacións artísticas como a literatura, a música, a pintura ou o cine axudándose de instrumentos de análise histórica na súa valoración.

3. Competencia en comunicación lingüística

- Aplicar diferentes estratexias de comprensión, análise e valoración de textos.
- Comprender e compor textos como medio para optimizar a aprendizaxe e o estudo dos sucesos históricos.
- Familiarizarse co léxico propio da área e entender as diferentes acepcións dun mesmo termo en función do contexto no que se emprega.
- Definir conceptos usando a linguaxe específica da área.
- Comunicarse argumentando as ideas propias e respectando as quendas de palabra dentro dun grupo.
- escoitar as opinións distintas á propia con respecto, sensibilidade e espírito crítico.
- Expor opinións de forma argumentada ao longo dun debate.
- Recorrer ao uso activo de mecanismos que permiten a ampliación e a consolidación do vocabulario.
- Aprender a recoñecer o significado dun termo a partir do seu contexto.
- Valorar a lingua e o seu correcto uso como instrumento básico de reflexión e desenvolvemento persoal.

4. Competencia dixital

- Analizar de forma crítica a información recibida a través dos medios de comunicación e da Internet.
- Aplicar coñecementos, habilidades e procedementos propios da Historia á análise crítica da información dos medios de comunicación e da Internet.
- Proporcionar coñecementos e destrezas para a busca de información relevante.
- Recorrer a soportes electrónicos no proceso de escritura.
- Adquirir habilidades para a reutilización da información na produción de textos orais e escritos propios.
- Utilizar adecuadamente as bibliotecas e a Internet.

5. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Comprender a relevancia e as implicacións do avance tecnolóxico e científico para as transformacións sociais, políticas e económicas ao longo da historia de España.

- Recoñecer diferentes ferramentas de análise de datos estatísticos relacionadas coas ciencias ou as matemáticas.
- Valorar a aplicación de procedementos de análise e reflexión para o estudo da historia como instrumentos aplicables a diferentes áreas de saber matemático e científico.
- Desenvolver actitudes de interese polo coñecemento de diferentes materias e ciencias a través da interpretación de gráficos e datos.
- Analizar, comprender e transmitir información relativa a diferentes ámbitos das ciencias naturais e sociais.

6. Competencia de aprender a aprender

- Identificar a idea principal dun texto e resumir o seu contido.
- Relacionar obras ou textos históricos de diferente índole e extensión cun determinado contexto histórico, social ou político.
- Comparar entre si diferentes teorías ou puntos de vista históricos e as propostas diversas que realizan sobre unha mesma problemática ou xeito de proceder extraendo as súas propias conclusións.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Confrontar as propias opinións ou coñecementos con outras fontes de coñecemento ou opinión.
- Formular solucións a problemas complexos a partir dunha análise previa exhaustiva

7. Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Valorar a Historia, as cuestións abordadas ao longo da Historia de España e os procedementos de análises históricas como instrumentos de autoconhecimento e desenvolvemento persoal.
- Formarse e expresar unha opinión propia sobre cuestións históricas de diversa índole e sobre cuestións de actualidade ou da propia realidade cotiá.
- Analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión.
- Realizar pequenas investigacións de forma autónoma.
- Analizar criticamente os propios valores, prexuizados e opinións.
- Valorar criticamente a nosa interacción co medio social.

6.2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

	Libro de texto Editorial Baía ISBN 9788468095592	Decreto 86/2015	Temporalización		
			Mínimos	Mes	Sesións
1ª avaliación		Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns		Todos	
	Todos os temas	B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.			
		B0.2. Análise e comentario de fontes.			
		B0.3. Utilidade das fontes.			
		B0.4. Mapas e liñas do tempo.			
		Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)		Set	3
	Tema 1. Hispania e Gallaecia na antigüidade.	B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano;	X		

	exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).			
	Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)		Set	4
Tema 2. Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais.	B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.	X		
	B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV); diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.	X		
	B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais.	X		
	B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.			
	B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.			
	Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)		Out	4
Tema 3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.	X		
	B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio.	X		
	B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica.	X		
	B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte.			
	Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)		Out	6
Tema 4. A Monarquía borbónica no Antigo Réxime	B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.	X		
	B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado.			
	B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América.			
	B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia.			
	B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo	X		

2ª avaliación		concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.			
		Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo		Nov	9
	Tema 5. Inicios e consolidación do réxime liberal	B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.	X		
		B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.	X		
		B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.	X		
		B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.			
		B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.			
		Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)		Nov Dec	10
	Tema 5. Inicios e consolidación do réxime liberal	B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas.			
		B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases.	X		
		B6.3. Proceso constitucional.	X		
		B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.	X		
		B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista.	X		
		Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)		Xan	9
	Tema 7. Estado e nación na Restauración borbónica	B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral.	X		
		B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro.	X		
		B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba.			
		B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo.	X		
		Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente		Xan Feb	9
	Tema 6. As transformacións económicas na España liberal	B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.			
B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego).		X			
	Bloque 9. A crise do sistema da Restauración		Feb	9	

		e a caída da monarquía (1902-1931)				
	Tema 7. Estado e nación na Restauración borbónica	B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces.				
		B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía).	X			
		B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía.	X			
		B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria.				
		Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)		Feb Mar	10	
3ª avaliación	Tema 8. Segunda República e guerra Civil	B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración.	X			
		B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar).	X			
		B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra.	X			
		B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36.				
			Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)		Abr	9
	Tema 9. España no franquismo	B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973).	X			
		B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema.				
			Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)		Abr Maio	8
	Tema 10. España en democracia	B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas.	X			
		B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia.	X			
B12.3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981;		X				

		ingreso na OTAN; plena integración en Europa.			
		B12.4. Papel de España no mundo actual.			

6.3. RELACIÓN ENTRE OS DISTINTOS ASPECTOS DO CURRÍCULO

HISTORIA DE ESPAÑA				
Obx	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 0: Como se escribe a Historia. Critérios comúns				
d e g h i l l m	B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.	B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.	HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC
d e h i l	B0.2. Análise e comentario de fontes.	B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.	HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.	CCL CAA CSC
h i l	B0.3. Utilidade das fontes.	B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.	HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.	CMCCT CAA CSC
d e h i l	B0.4. Mapas e liñas do tempo.	B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.	HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.	CMCCT CAA CSC
Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)				

d e h i l n p	B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).	B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.	HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.	CCL CCS
			HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.	CCEC
			HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.	CCL CMCCT CSC
			HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.	CCL CAA CSC
			HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.	CAA CSC
			HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.	CCL CSC
			HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
			HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións.	CCL CSC

Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)				
dehin	B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.	B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.	HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.	CCL CSC
			HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.	CMCCT CAA CSC
			HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.	CCL CSC
			HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.	CCL CSC CCEC
dehip	B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV); diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.	B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.	HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.	CCL CSC
			HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.	CCL CSC
			HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.	CCL CAA CSC
			HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.	CCL CAA CSC
dehip	B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais.	B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.	HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.	CCL CSC
dehip	B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.	B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental.	HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.	CCL CMCCT CSC

d e g h m n p	B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.	B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.	HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.	CCL CSC CCEC
			HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)				
d e h i p	B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.	B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.	HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.	CCL CSC
			HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.	CCL CSC
			HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.	CCL CAA CSC
d e h i	B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio.	B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II.	HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.	CCL CAA CSC
			HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.	CCL CSC
			HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana.	CCL CAA CSC
d e h	B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos	B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e	HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía.	CCL CSC
			HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.	CCL CSC

i	Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica.	demográfica.	HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa.	CCL CSC CAA
			HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.	CCL CSC CAA
			HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.	CCL CSC
			HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
d e g h i m n p	B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte.	B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.).	HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.	CCL CD CAA CSC CCEC
Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)				
d e h i	B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.	B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.	HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.	CCL CSC
			HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.	CCL CSC
d e h i	B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado.	B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.	HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.	CCL CSC
			HEB4.2.2. Elaboro un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.	CCL CSC CAA

p			HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.	CCL CSC
			HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.	CCL CSC
d e h i m p	B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América.	B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica.	HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior.	CCL CSC CAA
			HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.	CCL CSC
			HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.	CCL CSC
d e h i m p	B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia.	B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.	HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.	CCL CSC
d e h i m p	B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.	B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.	HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.	CCL CAA CSC CCEC
			HEB4.5.2. Razona a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración.	CCL CSC CCEC
Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo				
d e h i m p	B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.	B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.	HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.	CCL CSC
			HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.	CCL CSC
a	B5.2. Primeiro intento de revolución	B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de	HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime.	CCL CSC

d e h i p	liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.	Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.		CAA
			HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.	CCL CSC CAA
d e h i p	B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.	B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.	HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.	CCL CSC
			HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.	CCL CSC
			HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	CCL CAA CSC
d e h i	B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.	B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.	HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.	CCL CSC
			HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.	CCL CSC
d e g h i l m n	B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.	B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos.	HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.	CCL CD CSC CCEC
Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)				
d e h	B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras	B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as	HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.	CAA CSC
			HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.	CCL

i p	carlistas.	súas consecuencias.		CSC
			HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
d e h i p	B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases.	B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.	CCL CSC
			HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.	CCL CSC
			HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.	CCL CAA CSC
			HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.	CCL CAA CSC
			HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.	CCL CSC CCEC
d e h i	B6.3. Proceso constitucional.	B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder.	HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.	CCL CAA CSC
d e h i p	B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.	B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.	HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático.	CCL CSC
			HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.	CCL CSC
			HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.	CAA CSC
c d e h i	B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista.	B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional.	HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.	CCL CAA CSC

p				
	Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)			
d e h i p	B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral.	B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.	HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.	CCL CAA CSC
			HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.	CCL CSC
			HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.	CCL CSC
			HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
d e h i p	B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro.	B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado.	HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.	CCL CSC CCEC
